

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, O Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego e O Grupo Mixto, a través dos seus Portavoces, e por iniciativa das deputadas Paula Prado del Río, Beatriz Sestayo Doce, Yolanda Díaz Pérez, Tareixa Paz Franco e M^a Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei na Comisión 1^a; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Exposición de motivos

Ante as cuestións que diversas organizacións non gobernamentais teñen plantexado recentemente aos grupos parlamentarios, en relación coa existencia de determinadas deficiencias nas prisións do Estado radicadas en Galicia, compre trasladar á Administración Xeral do Estado a nosa preocupación pola situación dos establecementos penitenciarios sitos na nosa Comunidade Autónoma.

As queixas que nos trasladan, fundamentalmente en relación aos centros penitenciarios de Teixeiro (A Coruña) e A Lama (Pontevedra), fan referencia a problemas de calefacción nas celdas e nos lugares comúns; así como a deficiencias na cantidade e na calidade da comida, xa que a súa escaseza e a natureza dos alimentos empregados leva aos internos e internas ao consumo de produtos das máquinas expendedoras que non inclúen froitas ou alimentos saudables e variados.

De acordo con todo o anteriormente exposto, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Dirixirse á *Secretaría General de Instituciones Penitenciarias* para que se podan avaliar e adoptar, de ser o caso, as medidas necesarias para garantir que a dotación dos medios materiais e persoais dos centros penitenciarios de Galicia son axeitados ao cumprimento dos seus fins, asegurando unha axeitada calidade de vida das persoas en prisión, especialmente en relación cos problemas de calefacción e calidade da alimentación.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2015 12:04:38

Paula Prado del Rio na data 17/03/2015 12:04:47

Jose Luis Méndez Romeu na data 17/03/2015 13:39:11

Beatriz Sestayo Doce na data 17/03/2015 13:39:48

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 17/03/2015 14:18:45

Yolanda Díaz Pérez na data 17/03/2015 14:19:10

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/03/2015 16:19:10

María Tereixa Paz Franco na data 17/03/2015 16:19:16

María Consuelo Martínez García na data 18/03/2015 09:22:17

Carmen Iglesias Sueiro na data 18/03/2015 09:24:02